**CONCELLO DE CARTELLE** concello.cartelle@eidolocal.es

Praza Toxal, 1. 32824 Outomuro - Cartelle (Ourense) Telf 988 49 11 11 – Fax. 988 48 58 81

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REXISTRO XERAL
12 NOV 2015
N.º ENTRADA 32914
N.º SAÍDA

06.11.15
CORREOS
32 OUTOMURO

ASUNTO: Remisión acordo Plenario.

Achégaselle acordo tomado polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada na data de 29 de outubro de 2015, referido ***a aprobación adhesión ao Convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso a información pública***, para seu coñecemento e efectos.

Atentamente,

A ALCALDESA

CONCELLO DE CARTELLE (OURENSE)

Carmen Leyte Coello

Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense.- R/ Progreso, nº 32.- 32003- OURENSE

CONCELLO DE CARTELLE (Ourense)
- 3 NOV. 2015
SAIDA Nº. 1.335

CONCELLO DE CARTELLE concello.cartelle@eidolocal.es

Praza Toxal, 1. 32824 Outomuro - Cartelle (Ourense) Telf 988 49 11 11 – Fax. 988 48 58 81

**MARÍA DOLORES VILLAR ÁLVAREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE CARTELLE, NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

**CERTIFICO:**

Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada na data de 29 de outubro de 2015, có quórum do artigo 99.2 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, adoptou o seguinte

**ACORDO:**

**5.- APROBACIÓN ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.**

A continuación, deuse conta do convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e acceso á información Pública, que ten como obxecto, o establecemento do marco regulador das accións de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia, coa finalidade de garantir o pleno cumprimento, na totalidade das administracións locais da provincia, do establecido na Lei 19/2013 de 9 de decembro , de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno.

Así mesmo deuse conta do informe de Secretaria de data 9 de outubro de 2.015 e do Ditame da Comisión Informativa de especial de contas, facenda e réxime interior.

Tras a lectura da mencionada documentación, o Pleno da Corporación, a proposta da Comisión Informativa, por unanimidade, o que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acordou:

1.- Aprobar a adhesión do Concello ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2.- Transferirlle á Deputación Provincial, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia , Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no mencionado convenio.

3.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Miguel A. Martinez Armada.

E para que conste emito esta certificación por orde da Sra. Alcaldesa Dª. Carmen Leyte Coello, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Cartelle a vintenove de outubro de dous quince.

**V. e pr.**
**Alcaldesa**

**A secretaria**

CONCELLO DE CARTELLE (Ourense)
- 3 NOV. 2015
SAIDA Nº. 1.334